

❖ Conferencia divulgativa

Sobre a biografía e obra de Manuel María, a cargo da escritora e profesora Mercedes Queixas

24 de maio · Ás 10.50 h · Teatro As Torres de Santa Cruz

Organizarase unha conferencia divulgativa, dirixida a alumnado de ESO e bacharelato, na que a escritora e profesora Mercedes Queixas explicará os aspectos biográficos máis significativos de Manuel María, así como a importancia e características fundamentais da súa obra.

❖ Recitais

Manuel María: O vento da palabra a cargo da actriz Soledad Felloza

18 de maio · Ás 10.15 h · Teatro As Torres de Santa Cruz. Un espectáculo a cargo da actriz Soledad Felloza recitando poesías seleccionadas das obras *Os sonhos na gaiola* e *Versos do lume e o vagalume* de Manuel María.

Manuel María: O vento da palabra para adolescentes, a cargo da actriz Soledad Felloza.

25 de maio · Ás 10.30 e 11.45 h · Teatro As Torres de Santa Cruz. Recital de poemas seleccionados das obras *Muiñeiro de brétemas*, *As Rúas do vento ceibe*, *Canciós do lusco ó fusco*, *As lúcidas lúas do outono* e *Antoloxía completa* de Manuel María.

Recital poético de Manuel María

29 de maio · Ás 12.00 h · Teatro As Torres de Santa Cruz. Recital poético de Manuel María a cargo do alumnado dos obradoiros de teatro.

❖ Ademais...

Concerto infantil *Brinca vai!* 24 de abril de 2016. Concerto de Paco Nogueiras *Brinca vai!*, o domingo 24 de abril ás 12:30 horas no Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera. É un espectáculo baseado no libro-CD-DVD *Brinca vai!* no que se combinan cancións, animacións e interpretacións cos ritmos e rexistros máis divertidos, tratando temáticas como a poesía, a ecoloxía, as festas do ano (o magosto, o entroido, o Nadal), o respecto á nosa lingua... O concerto será gratuito con invitacións que se entregarán ese mesmo día a partir das 11.30 horas, ata completar a capacidade da sala. Tamén haberá sesións escolares o 25 e 26 de abril.

Presentación do libro-disco *A Terra Queima* 7 de maio de 2016. A Concellería de Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Oleiros acollerá o vindeiro sábado 7 de maio o espectáculo *A Terra Queima*, a presentación do libro-disco escrito e narrado por Xurxo Souto e musicado por Lalo Carnota. A presentación terá lugar o vindeiro 7 de maio ás 20:00 horas no teatro do centro cultural As Torres de Santa Cruz. A entrada será de balde ata completar a capacidade da sala e está destinado a público familiar, especialmente recomendado para nenos e nenas entre 3 e 10 anos.

A Fala

*O idioma é a chave
coa que abrimos o mundo:
o salouco máis feble,
o pesar máis profundo.*

*O idioma é a vida,
o coitelo da dor,
o murmurio do vento,
a palabra de amor.*

*O idioma é o tempo,
é a voz dos avós
e ese breve ronsel
que deixaremos nós.*

*O idioma é un herdo,
patrimonio do pobo,
maxicamente vello,
eternamente novo.*

*O idioma é a patria,
a esencia máis nosa,
a creación común
meirande e poderosa.*

*O idioma é a forza
que nos xungue e sostén.
¡Se perdemos a fala
non seremos ninguén!*

*O idioma é o amor,
o latexo, a verdade,
a fonte da que agroma
a máis forte irmandade.*

*Renunciar ao idioma
é ser mudo e morrer.
¡Precisamos a lingua
se queremos vencer!*



Manuel María

LETRAS GALEGAS 2016



Concello de Oleiros
Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



**Bibliotecas Públicas
Municipais**
Premio Nacional María Moliner 2011

Teatro

Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela

Trinke Trinke

15 abril · Teatro das Torres | 11 de maio · Auditorio da Fábrica · Sesións escolares

Obra de teatro de Manuel María

Sinopse: Berenguela é unha alegre e traste espiña de toxo, e como tal espiña, vive no chan e pincha. Atópase coa arrogante folla de carballo e decide xogar con ela. Pero esta folla desprézaa. Ela, unha señora que vive sentada nun trono, non se pode comparar cunha espiña que vive no chan.

A discusión acaba en pelexa e a folla de carballo denuncia á espiña. Comeza o calvario de Berenguela perante as autoridades, rematando na cadea. Mais a historia non acaba aquí, xa que a nosa heroína vai recibir a visita do Espírito do Monte, amigo da liberdade e da natureza, que derribará os muros do cárcere ceibando a protagonista.

Esta peza de teatro sinala unha forte crítica social, a do abuso do poder.



Os soños na gaiola

Trinke Trinke

30 abril · ás 18.30 h · Auditorio Gabriel García Márquez. Mera

Dirixida por David Pernas.

Sinopse: Nun piso dunha cidade, sentado nun sofá, dorme un velliño que ata hai pouco vivía na súa aldea. Para que non estivese só, a súa filla

tróuxoo a vivir con ela. Un día, por sorpresa, recibe a visita da súa neta (xa moza). Os dous van lembrar a pasada vida na aldea.

Elenco: David Pernas e Vanessa Rivas

Xénero: teatro infantil

Duración: 50 minutos

Prezo: 2,50 euros

As entradas poñeranse á venda a partir das 17:30 horas, ata completar a capacidade da sala.

O 28 e o 29 de abril haberá sesións escolares.

Concertos

Grupo musical Pirilampo

Concerto de Pirilampo musicando poemas de Manuel María

22 de abril | 6 e 13 de maio · ás 12.45 h · Teatro As Torres de Santa Cruz

Realizaranse tres concertos do grupo Pirilampo, dirixidos a alumnado dos centros de ensino público de educación infantil e primaria, presentando o seu novo traballo titulado **Teatro de guiñol** no que musicarán algúns dos poemas do querido escritor homenaxeado.

"Canta o cuco" de Magín e Uxía e recital

29 de maio · ás 12.00 h · Teatro As Torres de Santa Cruz

O mes de maio rematará cun recital poético de Manuel María a cargo do alumnado dos obradoiros de teatro e co concerto *Canta o cuco* de Magín e Uxía. *Canta o cuco* é unha escolla de poemas dos libros *Os soños na gaiola*, *As rúas do vento ceibe*, *Terra Chá*, *Os lonxes do solpor* e *Panxoliñas*, cantados e musicados por Magín Blanco e por Uxía Senlle, cunha canción de creación propia "Todo me fala de ti", onde conversan co autor.



Exposicións

Manuel María: palabra viva!

A exposición Manuel María: palabra viva!, da Fundación Manuel María de Estudos Galegos, poderá visitarse na Fábrica do **15 ao 28 de abril**. Unha mostra que contén imaxes, textos e unha introdución á vida e obra do autor, 25 paneis que axudan a coñecer a personalidade e a obra literaria de Manuel María.

A esencia máis nosa: Manuel María e a súa obra en imaxes

Exposición de imaxes, fotografías e portadas de diferentes libros da súa autoría na Biblioteca Central Rialeda, na Biblioteca Rosalía de Castro de Santa Cruz e na Biblioteca M^a José Ruso de Dorneda

Ronsel de Manuel María

Mostra bibliográfica formada por obras escritas polo autor e outras que falan del, tanto da súa produción literaria como da súa biografía, así como marcapáxinas conmemorativo, tríptico, murais interactivos e encrucillados nas sete bibliotecas municipais.

Excursión

Visita á Casa Museo Manuel María

23 de abril

O Departamento de Cultura visitará esta Casa Museo, o espazo no que se alberga o conxunto do legado de Manuel María, lugar de referencia para dar a coñecer a súa obra e figura entre o pobo galego, e sede da Fundación Manuel María de Estudos Galegos. Esta saída está dirixida a público en xeral e inclúe unha ruta guiada pola Terra Chá e por diferentes espazos e contornos referentes en toda a vida e obra de Manuel María. Esta ruta comprende un itinerario pola beira do Miño ata a Carballeira de Santa Isabel, visita á área de lecer e miradoiro de Penas de Rodas e un itinerario cultural e ornitolóxico pola lagoa de Cospeito. Xa en febreiro comezaron as visitas á Casa Museo Manuel María, onde o alumnado do IES Miraflares puido coñecer a vila do escritor, a súa vida, os aspectos que influíron na súa obra e o seu contorno.

Obradoiros

"Galicia, país das letras"

Un proxecto que procura achegar dunha maneira participativa, lúdica e potenciando aspectos orais, contidos culturais relacionados coa lingua, co patrimonio e coa literatura galega ao alumnado de primaria dos centros de ensino.

"Quen dis que era?"

Obradoiro centrado na vida e obra de Manuel María e na historia das letras galegas para o alumnado de secundaria dos centros de ensino públicos.

Contacontos

Ás 18.30 h

- 26 de abril** Biblioteca Manuel María, Oleiros · Soledad Felloza · "Ao redor da lareira" · A partir de 5 anos
- 5 de maio** Biblioteca Central Rialeda, Perillo · Soledad Felloza · "Atopando soños" · A partir de 5 anos
- 9 de maio** Biblioteca M^a José Ruso, Dorneda · Marisa Irimia · "Poemas e contos musicados con Manuel María" · A partir de 5 anos
- 11 de maio** Biblioteca Rosalía de Castro, Santa Cruz · Soledad Felloza · "Quixera ser... soñador" · A partir de 5 anos
- 12 de maio** Biblioteca Xograr Mendiño, Lorbé · Caxoto · "O carteiro en bicicleta: Contos para homenaxear a Manuel María" · A partir de 5 anos
- 13 de maio** Biblioteca Ánxel Fole, Nós · Soledad Felloza · "A chave de abrir o mundo" · A partir de 5 anos
- 24 de maio** Biblioteca Manuel María, Oleiros · Larraitz · "Babacontos con Manuel María" · Actividade de "Ler conta moito" da Rede de Bibliotecas de Galicia · A partir de 4 anos